



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA O SERVIZO DE IMPARTICIÓ DAS CLASES DE INGLÉS

Descrición do servizo

Impartir clases de inglés ós participantes no curso de idiomas que se convoca tódolos anos no Concello de Boqueixón, a través do Departamento de Cultura, e como parte das actividades que se ofertan á poboación. Os cursos están dirixidos a nenos e adultos para que teñan a posibilidade de obter a titulación de Cambridge, Oxford.

Duración do servizo

Duración do curso: Iniciaranse as clases no mes de outubro e finalizarán no mes de xullo. O calendario lectivo coincidirá co do curso académico, salvo o remate das clases que se extenderá ata o mes de xullo, con motivo da preparación dos exames oficiais.

Organización do curso

Os participantes da actividade serán distribuídos por grupos segundo o nivel de formación que teñan no idioma.

As clases serán impartidas de luns a venres en horario de tarde. Pola experiencia doutros anos, o número estimado de grupos é de 10. Os horarios serían para un mínimo de 7 grupos, de luns a xoves de 16.15 h a 17.15, e para un mínimo de 3 grupos, de luns a venres de 16.00 h a 18.00 h

O servizo prestarase nas aulas que o concello porá a disposición do contratista.

O número mínimo de profesores será de 3 e un máximo de 5

Condicións de obrigado cumprimento na execución deste contrato

A empresa contratada manterá ós seus traballadores dentro do seu ámbito de poder de organización e dirección e conservará, con respecto a eles, os dereitos, obrigas, riscos responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

Os servizos dos traballadores da empresa adxudicataria prestaranse cos medios materiais da empresa e baixo a dirección do seu persoal, dentro do seu ámbito de organización e dirección, sen prexuízo de que por parte da

academia se faciliten elementos e materiais necesarios para o seu traballo diario.

Reglas especiales con respecto ó persoal da empresa

Corresponde exclusivamente á empresa adxudicataria a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nos pregos, no seu caso, formará o equipo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación dos datos que poida realizar a administración.

A empresa velará porque exista estabilidade no equipo de traballo, e que, de haber variacións no súa composición, sexan puntuais e obedezan á razóns xustificadas, e non alteren o bo funcionamento do servizo, informando en todo caso o responsable do contrato

Será obriga da empresa a negociación e o pagamento dos salarios ós traballadores, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, a substitución dos traballadores en caso de baixa ou ausencias, as obrigas legais en materia de Seguridade Social, incluído o aboamento de cotizacións e o pagamento de prestacións, cando proceda, así como de cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.